



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR POSTOS DE PEÓNS/PEOAS DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS, MEDIANTE A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL

ANTECEDENTES:

1. Mediante Resolución da Alcaldía número 445, do 30/07/2021, aprobouse a convocatoria e as bases para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes nos postos de peóns/peoas de limpeza de instalacións.
2. En data 30/07/2021 procédese a publicación das bases na web municipal e no taboleiro electrónico do Concello de Carnota.
3. Expirado o prazo de presentación de instancias o 13/08/2021, segundo o establecido no apartado 5.1 das bases da convocatoria, procede ditar resolución de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, conforme ao apartado 5.2 das referidas bases
4. Por resolución da alcaldía número 475 do 17/08/2021 faise pública a listaxe provisional de admitos/as e excluídos/as no proceso selectivo, sinalando un prazo de dous días hábiles para que se puideran formular reclamacións.

Expirado o prazo para formular reclamacións á listaxe provisional, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Declarar aprobada a seguinte listaxe DEFINITIVA de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes nos postos de peóns/peoas de limpeza de instalacións.

PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS E NOME	EXENCIÓN DA PROBA DE GALEGO
1	Castro Castro, Inmaculada	SI
2	Fernández Blanco, Juan	SI
3	Lago González, María Elisa	SI
4	Louro Fiuza, Juana	SI
5	Pais Martínez, Domingo Antonio	SI
6	Pedrosa Senande, María Noelia	SI



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

7	Pereiro Piñeiro, Ramón	NON
8	Rodríguez Figueira, María Dolores	NON
9	Rodríguez López, María Manuela	SI
10	Saborido Trillo, María Goretti	SI
11	Senande Caamaño, María	SI
12	Señorís Carballo, María Cruz	SI
13	Varela Fernández, Encarnación	SI
14	Vázquez Blanco, María Manuela	SI

PERSOAS EXCLUÍDAS

Non houbo

SEGUNDO. Nomear o Tribunal cualificador de conformidade coa cláusula 6 das bases da convocatoria, que estará composta polos seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidenta	María José Lago Freire, laboral fixa do Concello de Carnota
Vogal	José Antonio Maceiras Martínez, funcionario do Concello de Carnota
Vogal	Jesús López Rama, funcionario do Concello de Carnota.
Vogal	José Manuel Figueira Freire, funcionario do Concello de Carnota
Secretaria	María Dolores Maceiras Martínez, funcionaria do Concello de Carnota.

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de que se deran causas de forza maior que impidan a actuación dalgún dos titulares, o alcalde ditará resolución nomeando un suplente, o que se fará público aos efectos anteriormente previstos.

TERCEIRO. Establecer a reunión para a constitución dos membros do tribunal cualificador o día 24/01/2022, ás 8:30 horas, na casa do Concello.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

CUARTO. Convocar aos aspirantes que se indican deseguido e que non están exentos da realización da proba de galego, por non ter acreditado estar en posesión do Celga 1, de conformidade coa base sétima da convocatoria, para a realización desta o mércores 24/01/2022, ás 9:00 horas, no salón de actos do Concello de Carnota:

Pereiro Piñeiro, Ramón
Rodríguez Figueira, María Dolores

QUINTO. Convocar a todos/as aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a realización do segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, que consiste na realización dun cuestionario de 40 preguntas en forma de test, para o día 28/01/2022, ás 9.00 horas, no salón de actos do Concello de Carnota.

NATURIZA DA RESOLUCIÓN E RECURSOS. Contra a presente resolución que pon fin a vía administrativa poderá interpoñerse alternativamente RECURSO DE REPOSICIÓN potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, o *Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña*, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O alcalde

Dou fe. O secretario

Juan Manuel Saborido Rama

José Luis Veiga Sierra